

Grao en Pedagogía

2014/2015

Traballo de Fin de Grao:

«Bullying e cyberbullying: Marco normativo e prevalencia nas etapas da educación básica»

Autora: Nahyr López Gómez

Titora: M^a José Buceta Cancela

Setembro 2015

Facultade de Ciencias da Educación

Universidade de Santiago de Compostela

TÍTULO: «Bullying e cyberbullying: Marco normativo e prevalencia nas etapas da educación básica»

TÍTULO: «Bullying y cyberbullying: Marco normativo y prevalencia en las etapas de la educación básica»

TITLE: «Bullying and cyberbullying: Political framework and actual situation at the stages of basic education»

ÍNDICE

RESUMO

INTRODUCCIÓN	1
1. ACHEGAMENTE Ó FENÓMENO BULLYING	3
1.1. Orixes, concepto e características definitorias	3
1.2. Tipoloxía	5
1.3. Roles: agresores, vítima e espectadores	6
1.4. Factores causais ou de risco e consecuencias	7
2. CIBERBULLYING	9
2.1. Concepto e características	9
2.2. Tipoloxía	10
2.3. Roles e consecuencias	11
2.4. Bullying e ciberbullying: semellanzas e diferenzas	12
3. MARCO NORMATIVO	13
3.1. Nivel estatal: España	14
3.2. Nivel autonómico: Galicia	16
4. PREVALENCIA E SITUACIÓN ACTUAL DO BULLYING E CIBERBULLYING NAS ETAPAS DA EDUCACIÓN BÁSICA	19
4.1. Análise da realidade estatal e galega	20
4.2. Síntese dos resultados das investigacións desenvolvidas	23
CONCLUSIÓNS	24
REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	26

ANEXOS

Anexo I. Metodoloxía: documentos seleccionados nas bases de datos consultadas

Anexo II. Esquema do protocolo xeral contra o acoso escolar

RESUMO

O presente traballo pretende afondar nos fenómenos do *bullying* e do *ciberbullying*, analizar o marco normativo no que se insiren e indagar acerca da situación actual dos mesmos nas etapas da educación básica: Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria. Para acadar ditos obxectivos levouse a cabo unha revisión bibliográfica sobre ambas problemáticas e unha minuciosa revisión das investigacións máis recentes desenvolvidas no ámbito estatal e autonómico.

Tras realizar dita análise conclúese que o *bullying* e o *ciberbullying* están presentes na ampla maioría dos centros educativos estudados e en todos os niveis analizados, sendo os últimos cursos de Educación Primaria e os primeiros da Educación Secundaria Obrigatoria os que rexistran unha maior incidencia. Os mozos adoptan maioritariamente o rol de agresores, mentres que as mozas son vítimas na maior parte dos casos. Trátase, polo tanto, dunha problemática de capital importancia na actualidade.

Palabras chave (5): Bullying, ciberbullying, marco normativo, prevalencia, educación básica.

RESUMEN

El presente trabajo pretende profundizar en los fenómenos del *bullying* y del *ciberbullying*, analizar el marco normativo en el que se enmarcan e indagar acerca de la situación actual de los mismos en las etapas de la educación básica: Educación Primaria y Educación Secundaria Obligatoria. Para alcanzar dichos objetivos se llevó a cabo una revisión bibliográfica sobre ambas problemáticas y una minuciosa revisión de las investigaciones más recientes desarrolladas en el ámbito estatal y autonómico.

Tras realizar dicho análisis se concluye que el *bullying* y el *ciberbullying* están presentes en la mayoría de los centros educativos estudiados y en todos los niveles analizados, siendo los últimos cursos de Educación Primaria y los primeros de la Educación Secundaria Obligatoria los que registran una mayor incidencia. Los chicos adoptan principalmente el rol de agresores, mientras que las chicas son víctimas en la mayoría de los casos. Se trata, por lo tanto, de una problemática de capital importancia en la actualidad.

Palabras clave (5): Bullying, ciberbullying, marco normativo, prevalencia, educación básica.

ABSTRACT

The main aim of this project is to deepen into the social phenomena of *bullying* and *cyberbullying*, by analyzing the political framework in which they are inscribed and by doing research on their current standing in the different periods of basic education: Primary Education and Compulsory Secondary Education. To attain these objectives aims a bibliographical review was carried out on both problematics and a meticulous review of the most recent investigations developed in the state and regional areas.

After having accomplished this analysis one come to the conclusion that *bullying* and *cyberbullying* are present in most of the studied schools as well as in every analyzed levels, being the latter years of Primary Education and the former years of Compulsory Secondary Education those in which a higher incidence is recorded. Boys mainly adopt the aggressors' role, whereas, in most of the cases, girls are the victims. It is, therefore, an issue of cardinal importance at present.

Key words (5): Bullying, cyberbullying, political framework, actual situation, basic education.

INTRODUCCIÓN

Hai xa uns anos, especialmente na última década do século XX, que emerxeu unha crecente preocupación polo fenómeno do *bullying*, sendo tratado frecuentemente tanto nos medios de comunicación dirixidos á poboación en xeral como nas revistas científicas especializadas.

Desta situación dedúcese que o *bullying* é recoñecido como unha realidade latente que supón un risco físico e psicosocial para todos os implicados nestas dinámicas de agresividade e ó mesmo tempo prexudica os obxectivos da educación, polo que esixe ser afrontado dende a investigación teórica e dende a práctica educativa.

Na sociedade actual aconteceron unha serie de cambios e avances tecnolóxicos con gran impacto na vida das persoas que derivaron no establecemento da denominada «Sociedade do Coñecemento ou Sociedade da Información». As Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) ofrecen unha gran cantidade de posibilidades, tales como a ruptura das barreiras espazo-temporais ou a posibilidade do desenvolvemento de estruturas educativas innovadoras, pero por outra banda posibilitan determinadas prácticas negativas.

As xeracións máis mozas teñen acceso en todo momento ó ciberespazo, sen a presenza de persoas adultas e con escasa supervisión ou control. Isto pode derivar nunha mala utilización das mesmas e propiciar a aparición dun dos fenómenos sociais que, polas mesmas cuestións que o *bullying*, ocupa na actualidade a atención da sociedade en xeral e dos especialistas da educación en particular: o *ciberbullying*.

Numerosas investigacións realizadas nos últimos anos (Calmaestra, 2011; Defensor del Pueblo 2000-2007; Oñate e Piñuel, 2007; Serrano e Iborra, 2005) puxeron de manifesto a importancia de explorar todos aqueles aspectos que se relacionan co *bullying* e co *ciberbullying* para poder realizar tarefas de prevención e de intervención eficaces dende os diferentes ámbitos. Coa intención de analizar ambas problemáticas dende o punto de vista profesional da Pedagogía e ter as ferramentas necesarias para abordalas preséntase o estudo que segue.

Para alcanzar as metas propostas primeiramente realizarase un achegamento ó fenómeno *bullying*, facendo referencia ás súas orixes, concepto e características; ás diferentes tipoloxías que presenta; ós distintos roles que se desenvolven; ás súas posibles causas e consecuencias. Posteriormente tratarase o *ciberbullying* atendendo ás mesmas cuestións que no *bullying*. Ademais disto presentarase unha comparación entre ambas problemáticas, indagarase acerca do marco normativo de ámbito estatal e galego no que se

insiren e analizarase a súa prevalencia en España e Galicia. Finalmente formularanse unha serie de conclusións acerca do informe realizado.

A grandes trazos considero que co presente traballo se poñen en práctica as seguintes competencias xerais: Identificar un tema obxecto de estudo en base á propia realidade profesional; desenvolver un proceso de procura de documentación sobre dito tema; establecer uns obxectivos de investigación; temporalizar as diferentes fases da realización do Traballo de Fin de Grao (TFG); recoller, analizar e interpretar os datos obtidos dos diferentes estudos e dominar a linguaxe específica do campo de estudo.

De forma máis concreta e tendo como referencia a Memoria para a solicitude de verificación do título de Grao en Pedagogía (Universidade de Santiago de Compostela, s.f.), estimo que o TFG que segue responde ás seguintes competencias específicas: Expresarse e comunicarse facendo uso de diferentes códigos e recursos; identificar problemas educativos e indagar sobre eles para posibilitar propostas de mellora da práctica educativa e realizar estudos prospectivos e avaliativos sobre características, necesidades e demandas pedagóxicas.

É oportuno aclarar que no presente traballo se procura evitar a linguaxe sexista. Non obstante, coa intención de facilitar a súa lectura e comprensión empregárase a forma masculina facendo referencia a ambos sexos. Ó mesmo tempo cómpre salientar que como sinónimos do fenómeno *bullying* se empregarán os seguintes termos: vitimización entre iguais, maltrato entre iguais/alumnos, condutas agresivas entre iguais/escolares e acoso escolar; no caso do *ciberbullying*, empregárase o sinónimo ciberacoso.

- **Obxectivos**

Por medio do desenvolvemento deste traballo preténdese acadar os seguintes obxectivos específicos:

- Estudar en profundidade o fenómeno *bullying* e a súa vertente dixital, o *ciberbullying*.
- Afondar no marco legislativo e normativo a nivel estatal e autonómico no que se insiren ambas problemáticas.
- Examinar a prevalencia e situación actual do acoso escolar e ciberacoso nas etapas da educación básica: Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

- **Metodoloxía**

No momento de iniciar este traballo de revisión documental e coa intención de afondar na temática obxecto de estudo púxose en marcha a seguinte estratexia: primeiramente consultáronse no catálogo da biblioteca (IACOBUS), no PreLo e en Google Books os libros que trataban a temática do *bullying* e do *ciberbullying* empregando os descriptors: «*bullying*», «*ciberbullying*», «acoso escolar» e «ciberacoso», co propósito de ter unha idea xeral das problemáticas estudadas e ir valorando as cuestións que debían tratarse.

Seguidamente acudíuse á base de datos de teses doutorais do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (TESEO) co obxectivo de revisar algunha tese para indagar nos fenómenos estudados e nos aspectos que os conforman, poder elaborar un índice e recompilar algunhas das referencias bibliográficas que se considerou oportuno examinar. Nesta búsqueda empregáronse os mesmos descriptors que no IACOBUS. Posteriormente realizouse a mesma busca nas bases de datos: Dialnet, Google Académico, Redined e Recolecta.

No momento no que se constituíu o índice, seleccionáronse libros máis específicos sobre o que se quería tratar no catálogo da biblioteca, no PreLo e en Google Books por medio dos descriptors: «*bullying primaria*», «*bullying secundaria*», «*ciberbullying primaria*», «*ciberbullying secundaria*», «acoso escolar marco normativo» e «ciberacoso marco normativo». Ademais disto empregouse Dialnet, Google Académico, Redined, Recolecta e a base de datos CSIC para indagar sobre cuestións máis concretas salientando os mesmos descriptors.

Para afondar no proceso metodolóxico do traballo que segue consultar anexo 1.

1. ACHEGAMENTO Ó FENÓMENO BULLYING

Co obxectivo de afondar no coñecemento do fenómeno *bullying*, no apartado que segue abórdanse aspectos relacionados coas orixes do mesmo, o seu concepto e características definitorias; as diferentes tipoloxías de acoso escolar; os diferentes roles que teñen lugar nunha situación de *bullying*; así como as causas do mesmo, os factores de risco e as súas consecuencias.

1.1. Orixes, concepto e características definitorias

O abuso ou maltrato entre alumnos é un tema que foi amplamente estudado no marco da Unión Europea, a pesar de que tamén se desenvolveron investigacións acerca

desta cuestión en países como Xapón, EE.UU., Canadá e Australia. No marco europeo, os primeiros en definir o fenómeno *bullying*, determinar a súa incidencia e crear programas de intervención para as súas escolas foron os escandinavos (Defensor del Pueblo, 2000).

En base ás palabras de Ronald (2010) o estudo científico do acoso escolar ou *bullying* dátase a partir das observacións sistemáticas realizadas nos anos 70 polo doutor sueco Heinemann. Dito autor foi o primeiro en describir a conduta agresiva nos escolares a partir das súas observacións en patios de recreo. Á hora de facer referencia a ditas condutas agresivas Heinemann empregou o termo *mobbing*. Pouco despois o psicólogo e profesor sueco Dan Olweus publicou un estudo acerca dos varóns preadolescentes do seu país, a partir do cal concluíu que aproximadamente o 5% dos mesmos eran vítimas dun maltrato grave.

No referente ós termos empregados para facer referencia ás condutas agresivas entre escolares é preciso aclarar que existen diferenzas entre os países debido a discrepancias idiomáticas e conceptuais sobre dito fenómeno (Calmaestra, 2011). Non obstante, tal e como expón Ortega (2010), nos últimos 30 anos obsérvase que a comunidade científica internacional adopta o vocábulo inglés *bullying* como o máis adecuado para facer referencia á violencia escolar entre iguais ou vitimización.

Segundo Calmaestra (2011) a definición de *bullying* máis empregada e que se mantén ata os nosos días é a sinalada por Olweus (1998, p.25) quen afirmou que “un alumno es agredido o se convierte en víctima cuando está expuesto, de forma repetida y durante un tiempo, a acciones negativas que lleva a cabo otro alumno o varios de ellos”.

Por outra banda e de forma máis explícita Avilés conceptualiza o *bullying* como:

La intimidación y el maltrato entre escolares de forma repetida y mantenida en el tiempo, siempre lejos de la mirada de los adultos/as, con la intención de humillar y someter abusivamente a una víctima indefensa por parte de un abusón o grupo de matones a través de agresiones físicas, verbales y/o sociales con resultados de victimización psicológica y rechazo grupal (2006a, p.82).

Dos conceptos expostos dedúcense as características básicas do *bullying* (Avilés, 2006a; Avilés, 2013; Calmaestra, 2011; García Fernández, 2013; Olweus, 1998):

- *Desequilibrio*, é dicir, desigualdade de poder entre o agresor e a vítima que provoca indefensión na persoa agredida.
- *Intención*. O agresor ten a intención de facer dano.
- *Reiteración*. A agresión mantense durante un período de tempo e de forma recorrente.

Tomando como referencia as palabras dos citados autores aquelas situacións que non cumpren as tres características expostas non poden ser consideradas como *bullying* ou acoso escolar.

1.2. Tipoloxía

Tal e como expón Avilés (2006a) existen diferentes criterios á hora de clasificar as condutas agresivas entre iguais. Non obstante a clasificación presentada fundamentarase na natureza das condutas da agresión, por ser a norma máis empregada e aceptada á hora de clasificar as diferentes tipoloxías de acoso escolar.

En base a dito principio o informe do *Defensor del Pueblo* establece as seguintes tipoloxías (Defensor del Pueblo, 2000):

- *Maltrato físico* (ameazar, pegar, agochar cousas, romper cousas, roubar).
- *Maltrato verbal* (insultar, poñer alcumes, falar mal de alguén).
- *Exclusión social* (ignorar a alguén, non deixar participar a alguén nunha actividade, atacar á rede social da vítima).
- *Mixto* (ameazar co fin de intimidar, obrigar a facer cousas baixo ameaza, acosar sexualmente).

A partir desta clasificación e revisando diferentes estudos e investigacións Avilés (2006a) especifica os seguintes tipos de *bullying*:

- a) *Bullying físico*, presenta as características anteriormente explicadas.
- b) *Bullying verbal*, recolle as accións expostas con anterioridade.
- c) *Bullying xestual*. Expresións faciais negativas, mocas ou posturas corporais desaprobatorias.
- d) *Bullying social*, presenta as características explicadas con anterioridade.
- e) *Bullying racista*. Construción do *bullying* a través de compoñentes agresivos de carácter racista. Os destinatarios deste tipo de acoso adoitan ser minorías étnicas.
- f) *Bullying sexual*. Emprega o contido sexual para exercer o maltrato sen acabar necesariamente en abuso sexual.
- g) *Bullying de necesidades educativas especiais*. O obxecto das agresións é o alumnado que presenta necesidades educativas especiais.
- h) *Bullying homofóbico*. É exercido contra aqueles suxeitos que declaran expresamente a súa homosexualidade ou bisexualidade no ámbito escolar ou

cara aqueles que dita homosexualidade ou bisexualidade se lles supón polos seus xestos, ton de voz, forma de falar ou de vestir.

- i) *Bullying on line, cyberbullying ou e-bullying*. *Bullying* que se produce a través de Internet ou dos teléfonos móbiles contra algunha persoa para minar a súa reputación e facerlle dano.

A última tipoloxía de *bullying* exposta, o *cyberbullying*, será desenvolvida con maior profundidade e especificidade no apartado 2 do presente traballo por ser un dos focos principais do mesmo.

1.3. Roles: agresores, vítima e espectadores

Cando se fai referencia ó maltrato entre iguais é preciso abordar as características dos seus protagonistas: agresores, vítimas e espectadores. Tal e como expón Avilés (2006a, p.107) “los que participan en el bullying son aquellos que ejercen la intimidación directa o indirectamente (agresores), aquellos que la sufren directa o indirectamente (víctimas) y aquellos que la contemplan (testigos)”.

Numerosos estudos e investigacións estableceron un perfil psicosocial dos agresores e das vítimas que se comentará de forma sintética. Non obstante cómpre aclarar que ditos perfís unicamente son un referente que é importante ter en conta pero que sempre poden existir desviacións e aparecer ou non determinados comportamentos (Guinot, 2011).

No relativo ós agresores é necesario clarificar, tal e como cita Méndez (2011, p.217), que “todos tienen algo en común: algo o alguien los hace sentir inseguros de forma que ellos fanfarronean y agreden para sentirse mejor ellos mismos”.

O agresor adoita ser un individuo con fortaleza física maior, con falta de empatía afectiva, sen sentimentos de culpa, mostra un estilo atribucional externo, non é socialmente competente, posúe un estilo agresivo activo ó relacionarse (intimidando directa ou indirectamente), habitualmente ten unha mala integración escolar, baixa capacidade de autocontrol e diferenzas de actitude na súa relación co profesorado respecto ós seus iguais (Avilés, 2006a; Quintana, Montgomery, Malaver e Ruiz, 2010). Existen dous tipos de agresores: agresor activo, que se relaciona directamente coa vítima; e agresor indirecto ou pasivo, que induce ós seus seguidores a que realicen actos de violencia contra as súas vítimas. (Menéndez, 2011).

As vítimas posúen menor fortaleza física, poden presentar discapacidades, diferenzas por pertencer a minorías étnicas ou sociais, baixa autoestima, dificultades para poder defenderse, alto nivel de ansiedade, timidez, introversión, inseguridade, carecen

dunha rede de apoio, presentan características submisas, pasivas, dependentes e inasertivas, nalgúns casos mostran condutas provocadoras ou desafiantes e adoitan presentar fracaso escolar (Menéndez, 2011; Quintana et al., 2010). Existen dous tipos de vítimas: activa ou provocativa, que adoitan ser alumnos con problemas de concentración e tenden a comportarse de forma irritante ó seu arredor; e pasiva, que se caracteriza pola falta de resposta e aceptación dos ataques do agresor, é a máis frecuente (Avilés, 2006a; Menéndez, 2011).

Os espectadores identifican a vítimas e agresores e o seu papel é decisivo no mantemento das condutas de intimidación nos grupos de iguais. A súa actividade ou pasividade ante os feitos validará ou deslexitimarán a conduta do agresor no grupo (Avilés, 2006a; Quintana et al., 2010). Segundo Quintana et al. (2010) existen tres tipos de espectadores: 1) prosocial, observador e cooperados coa vítima; 2) indiferente culpabilizado, observador pasivo-evitativo e amoral; 3) consentidor co agresor.

Á hora de intervir en casos de *bullying* é importante que os profesionais da educación detecten con claridade o rol que desempeña cada membro do grupo ante a situación de acoso para así poder deseñar unha intervención adecuada ó contexto (Ruiz, Riuró, e Tesouro, 2015).

1.4. Factores causais ou de risco e consecuencias

Determinar as causas do *bullying* non é unha tarefa doada, non obstante coñécese que é a combinación das características individuais e situacionais o que orixina dito fenómeno (Ibarrola-García e Iriarte, 2012). De forma máis precisa, para entender o porqué da existencia do acoso escolar consideráronse os seguintes factores de risco ou causais (Carozzo, Benites, Zapata e Horna, 2012):

- *Factores persoais.* Derivados da perda de control e mantemento dunha conduta irreflexiva; da falta de empatía con outra persoa e a resposta emocional que se deriva de dita relación; das pobres habilidades de comunicación e relacionais e da timidez e inseguridade emocional.
- *Factores familiares.* Procedentes das deficiencias nos procesos de socialización familiar (indulxencia, desatención); da inestabilidade nas actitudes e comportamentos emocionais dos pais cara os fillos; das situacións de violencia familiar e permisividade de condutas violentas do neno; da falta de comunicación ou diálogo; do exercicio de métodos de disciplina autoritarios; dos estilos educativos parentais e da ausencia de obxectivos familiares.

- *Influencia do centro educativo.* O ambiente do centro e a súa estrutura organizativa, así como a súa normativa e funcionamento, poden favorecer as relacións de convivencia ou pola contra favorecer o desenvolvemento de condutas antisociais entre os membros da comunidade educativa (Trianes 2000; cit. en Gómez Bahillo, Puyal, Sanz, Elboj e Sanagustin, 2006, p.28). Son o resultado do desenvolvemento de actitudes de indiferenza ante feitos de violencia; da xestión autoritaria e vertical da disciplina escolar; do estrés laboral dos docentes e de contidos demasiado académicos e docentes pouco motivadores, con metodoloxías pasivas, sen atención á diversidade.
- *Influencia dos Medios de Comunicación de Masas.* Procedentes do incremento da imitación de condutas violentas e do aumento do temor a ser vítimas que prepara ós nenos para a produción de respostas impulsivas de defensa.
- *Factores contextuais.* Derivados da pobreza e baixa calidade da vida familiar; da miseria que promove estrés, frustración, impotencia e inestabilidade familiar e dun sistema de crenzas que xustifica as accións agresivas. Trianes (2000; cit. en Gómez Bahillo et al. 2006, p.28) engade os resultantes da inestabilidade da parella e do ambiente de violencia na vecindade, barrio e conxunto da sociedade.
- *Valores ambientais.* Teñen a súa orixe na contradición entre os valores aceptados e os que dominan no escenario social.

Segundo apuntan Massa e Basile (2011), as implicacións das relacións sociais no contexto escolar son tan importantes para a adaptación do neno como as derivadas do ámbito familiar. A influencia cos iguais determinará en parte como o neno constrúe os seus propios esquemas e a súa representación do mundo físico e social, polo que un clima de violencia na escola terá consecuencias altamente negativas dende a perspectiva do desenvolvemento psicolóxico, social e intelectual, así como na obtención dunha xerarquía de valores para todos os suxeitos implicados.

En consonancia coas palabras expostas, Garaigordobil e Martínez-Valderrey (2014, p.49) afirman que “La violencia entre iguales tiene consecuencias perniciosas para todos los implicados, pero con diferentes síntomas y niveles de sufrimiento”.

No caso dos agresores as principais consecuencias son: a aprendizaxe da forma para obter os seus obxectivos, a antesala da conduta delitiva, a xeralización das súas condutas a outros ámbitos e a adopción dun modelo de relación social que lle permite ser

valorado socialmente, obter poder e status no grupo e establecer vínculos sociais (Avilés, 2006b; Menéndez, 2011).

As consecuencias máis habituais no caso das vítimas adoitan ser: sentimentos de soidade, temor, inseguridade, tristeza; problemas de autoestima; baixo rendemento escolar; problemas de atención e concentración; fobia e rexeitamento ó centro escolar; psicopatismos; medos; ansiedade anticipatoria; estrés; problemas nos seus hábitos alimentarios e de durmir; depresión e ata ideación suicida (Avilés, 2006b; Buceta, 2011; Carozzo et al. 2012; Ruiz et al., 2015).

Respecto ós espectadores, a situación de acoso móstralles un patrón de conduta ante situacións inxustas e poden acostumarse a vivir nunha contorna agresiva. Ó mesmo tempo poden ter lugar: un proceso de desensibilización ante o sufrimento dos outros, a incompreensión dos feitos, a indefensión, ansiedade e culpabilidade (Avilés, 2006b; Menéndez, 2011; Ruiz et al., 2015).

2. CIBERBULLYING

O incremento do uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) é un fenómeno que se produce a nivel mundial. A xeración de infantes e adolescentes dos nosos días manexan con total naturalidade as TIC como un medio de comunicación integrado totalmente na súa vida. Neste contexto no que a maioría dos mozos acceden ás TIC, unha porcentaxe importante pode ter risco de enfrontarse a condutas de *cyberbullying* (Yubero, Larrañaga e Navarro, 2013).

Coa finalidade de afondar no coñecemento do fenómeno *cyberbullying*, no apartado que segue abórdanse aspectos relacionados co seu concepto e características; coas diferentes tipoloxías existentes; cos roles implicados e as posibles consecuencias; e finalmente unha análise das semellanzas e diferenzas entre o acoso escolar e o ciberacoso.

2.1. Concepto e características

En consonancia coas palabras de Sabater e López-Hernández (2015) o concepto de *cyberbullying* foi acuñado por Belsey no ano 2005. Dito autor definiu o ciberacoso como:

El uso de algunas Tecnologías de la Información y Comunicación –como el correo electrónico, los mensajes de teléfono móvil, la mensajería instantánea y las web personales– para manifestar comportamientos vejatorios y/o difamatorios de un individuo o grupo, que deliberadamente y de forma repetitiva y hostil, pretendía dañar otro (Belsey 2005; cit. en Sabater e López-Hernández, 2015, p.3).

Unha visión moi similar de dito fenómeno é a exposta por Smith, que o conceptualiza coas palabras que seguen:

Acto agresivo e intencionado levado a cabo de maneira repetida y constante a lo largo del tiempo, mediante el uso de formas de contacto electrónicas por parte de un grupo o de un individuo contra una víctima que no puede defenderse fácilmente (2006, p.2).

Por outra banda Calmaestra aporta un concepto de ciberacoso máis específico e concreto:

El ciberbullying es una nueva forma de bullying que implica el uso de los teléfonos móviles (textos, llamadas, vídeos), Internet (E-mail, mensajería instantánea, chat, páginas web) u otras Tecnologías de la Información y de la Comunicación para acosar, amenazar o intimidar deliberadamente a alguien (2011, p.104).

Tomando como referencia as palabras de Yubero et al. (2013) e Calmaestra (2011), que se basean en diferentes estudos realizados acerca do *ciberbullying*, as principais características deste fenómeno son as seguintes:

- *Intencionalidade*. O agresor ten a intención de danar á vítima.
- *Repetición*. Un único episodio de *ciberbullying* pode repetirse tantas veces como a mensaxe sexa visualizada.
- *Desequilibrio de poder*. O *ciberbullying* prodúcese pola indefensión da vítima ó non ser capaz de bloquear a agresión no entorno virtual.
- *Anonimato*. O acosador pode agochar totalmente a súa identidade.
- *Difusión pública*. O agresor pode enviar as mensaxes a varias direccións ou facelo a través dunha rede social facendo máis extensivo o ataque, mentres que a vítima pode descoñecer a extensión da difusión.
- *Temporalización*. A agresión pode producirse en calquera momento e a vítima está exposta continuamente a posibles ataques.
- *Escaso feed-back entre os participantes*. Non existe contacto visual nin físico durante o acoso entre o agresor/es e a vítima.

2.2. Tipoloxía

En base ás palabras de Calmaestra (2011), na literatura científica existen principalmente dous enfoques á hora de clasificar o *ciberbullying*: segundo a vía pola que se produce a agresión e dependendo do tipo de conduta que se desenvolva.

Atendendo ó primeiro enfoque Smith (2006) subdivide o *ciberbullying* en 7 tipos: mensaxes de texto, acoso telefónico, acoso a través de fotografías/vídeo, acoso a través de correos electrónicos, acoso a través de sesións de chat, acoso a través de programas de mensaxería instantánea e acoso vía páxinas web.

Por outra banda e tendo en conta o tipo de conduta que se desenvolve, Kowalski, Limber e Agatston (2010) identifican oito tipos de *ciberbullying*:

- *Insultos electrónicos*. Intercambio breve e acalorado entre dúas ou máis persoas que ten lugar a través das novas tecnoloxías.
- *Persecución*. Mensaxes ofensivas reiteradas enviadas á persoa elixida como branco por correo electrónico, en foros públicos e foros de debate. Distínguese dos insultos por ser máis a longo prazo e máis unilateral (inclúe a un ou máis ofensores fronte a unha única vítima).
- *Denigración*. Información despectiva e falsa respecto a outra persoa que é colgada nunha páxina web ou difundida vía e-mail, mensaxes instantáneas...
- *Suplantación*. O acosador faise pasar pola vítima, a maioría das veces empregando a clave de acceso da mesma para acceder ás súas contas online e a continuación enviando mensaxes negativas, agresivas ou crueis a outras persoas coma se fosen enviadas pola propia vítima.
- *Desvelamento e sonsacamento*. Implica revelar información comprometida da vítima a outras persoas, enviada de forma espontánea pero privada pola vítima ou que foi sonsacada á mesma e despois difundida a outras persoas.
- *Exclusión*. Non deixar participar á persoa nunha rede social específica.
- *Ciberpersecución*. Envío de comunicacións electrónicas reiteradas e ameazantes.
- *Paliza feliz* (happy slapping). Realízase unha agresión física a unha persoa que é gravada en vídeo co móbil e logo é colgada na rede para que o vexan miles de persoas.

2.3. Roles e consecuencias

Tomando como referencia as palabras de García Fernández (2013) é preciso salientar que a teoría dos roles implicados no *ciberbullying* non avanzou moito en comparación coa do *bullying* tradicional, que xa se explicou no apartado 1.3 do punto anterior, polo que non se afondará nesta cuestión. En consonancia con isto, Mora-Merchán e Ortega (2007) explican que hai un alto grao de acordo á hora de categorizar ós implicados

no *ciberbullying* dentro de tres grandes grupos: ciber-agresores, vítimas ou obxectivos e espectadores ou testemuñas. No que respecta ó rol dos espectadores ou testemuñas cómpre aclarar que esta figura non está tan estudada como no *bullying* tradicional (García Fernández, 2013) de aí que non se faga referencia específica a dito rol.

Adoptando outro punto de vista, Hernández Prados e Solano expoñen as seguintes palabras para facer referencia ós protagonistas do *ciberbullying*:

Las características comunes que percibimos en estos jóvenes es que, no sólo viven en una sociedad red, sino que hacen de su comportamiento la máxima expresión de la misma. Se trata de usuarios que pertenecen a comunidades virtuales, crean sus propios espacios personales en la red (weblogs, wikis, páginas web personales...), utilizan servicios comunicativos sincrónicos como la videoconferencia, la voz por IP, la mensajería instantánea, el chat..., garantizando con ello la comunicación y la colaboración con distintos usuarios, distantes y coincidentes en el espacio geográfico inmediato (2007, p.26).

Tal e como se expuxo no apartado 1.4. do punto anterior a violencia entre iguais ten consecuencias para todos os implicados pero con distintos síntomas e niveis de sufrimento (Garaigordobil, 2011a). As consecuencias para os protagonistas no *bullying* e no *ciberbullying* son moi similares, non obstante, neste caso desenvolveranse facendo referencia ás ciber-vítimas e ós ciber-agresores.

As ciber-vítimas presentan sentimentos de ansiedade, depresión, ideación suicida, estrés, medo, baixa autoestima, falta de confianza en si mesmos, ira, frustración, indefensión, nerviosismo, irritabilidade, trastornos do sono, dificultades para concentrarse, soidade e illamento social (Cowie, 2007; Garaigordobil, 2011a).

No caso dos ciber-agresores estes teñen maior probabilidade de desconexión moral, falta de empatía, dificultades para acatar normas, comportamento agresivo, conduta delitativa, inxestión de alcohol e drogas, dependencia das tecnoloxías, absentismo escolar, condutas desadaptativas e antisociais e intencións suicidas (Cowie, 2007; Garaigordobil, 2011a).

2.4. Bullying e ciberbullying: semellanzas e diferenzas

Tras ter analizado en profundidade os fenómenos do *bullying* e *ciberbullying* é preciso establecer unha relación entre ambos e sinalar as súas semellanzas e diferenzas. A grandes trazos e en base a todo o exposto ata agora, conclúese que o *ciberbullying* mantén as características fundamentais do *bullying* e polo tanto pode considerarse unha nova forma de acoso escolar pero con matices derivados das TIC.

En consonancia con isto, Garaigordobil explica que:

Las investigaciones realizadas hasta ahora no ponen en duda que el ciberbullying tiene una gran relación con el bullying o acoso escolar porque en algunas ocasiones, el ciberbullying es una forma de extensión del bullying, un modo más para producir acoso y hostigamiento, aunque no sea físico; en otros casos, el acoso se inicia en la Red y pasa luego a la vida real; y otras veces, comienza y sigue como ciberbullying (2011b, p.7).

No referente ás semellanzas entre o *bullying* e o *ciberbullying*, Avilés (2013) e Garaigordobil e Martínez-Valderrey (2014) expoñen que ambos se asemellan en que: 1) Son condutas violentas ou de acoso intencionadas (*Intención*); 2) Fundaméntanse nunha relación asimétrica de control e poder-submisión sobre o outro (*Desequilibrio*); 3) Son repetitivos e continuados durante un período longo de tempo (*Reiteración*).

Centrando a atención nas diferenzas entre ambas problemáticas, Garaigordobil (2011b) sinala as seguintes particularidades do *ciberbullying* que o diferencian do *bullying* tradicional: 1) *Non hai onde agocharse*, é dicir, a vítima non pode escapar da agresión, pois recibe continuamente mensaxes no seu móbil ou ordenador; 2) *Invisibilidade dos acosadores*, posto que o non ser unha experiencia «cara a cara» concede ó agresor certa «invisibilidade»; 3) *Durabilidade no tempo*, xa que o contido da persecución pode ser imperecedeiro ó quedar gardado nos medios dixitais. 4) *A amplitude do lugar físico*, dado que a mobilidade e conectividade das TIC permiten que se realice en calquera lugar e momento. 5) *Rapidez e comodidade*, porque o *ciberbullying* non só chega a moitas persoas, senón que chega máis rápido e con máis facilidade por carecer de enfrontamento físico.

Del Rey et al. (2010) afirman que no ciberacoso a agresión pode ser anónima, xa que os implicados non precisan ter un contacto directo, polo que resulta máis difícil de detectar que o *bullying*. Ademais disto, as fronteiras de espazo e tempo desaparecen, o acoso pode propagarse de forma máis rápida e ampla e as probas da súa existencia presérvanse facilmente.

Tendo en conta as semellanzas e diferenzas entre ambos fenómenos conclúese que, tal e como se expuxo ó inicio do apartado, o *ciberbullying* mantén as características fundamentais do *bullying* e polo tanto é considerado unha nova forma de *bullying* que presenta matices derivados das TIC.

3. MARCO NORMATIVO

Co propósito de indagar no marco normativo no que se insiren o *bullying* e o *ciberbullying*, no presente apartado trataranse os referentes legislativos e normativos que

recollen ditos fenómenos facendo alusión e diferenciando aqueles que son de ámbito estatal e autonómico.

Tendo en conta que o acoso escolar e o ciberacoso son abordados dende diferentes institucións (escolar, xurídica, fiscal...), considérase oportuno aclarar que unicamente se tratarán aqueles referentes normativos actuais máis ligados ó ámbito educativo, que permitan comprender e contextualizar ditos fenómenos no ámbito legal e dende o punto de vista profesional da Pedagogía.

Por outra banda cómpre clarexar que no noso país as Comunidades Autónomas son as administracións educativas que legislan sobre o seu ámbito territorial e o xestionan directamente, baixo a supervisión do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte do cumprimento da normativa básica, de aí a importancia de facer alusión ós referentes normativos de España e de Galicia (Gómez Rivas, 2011).

3.1. Nivel estatal: España

Antes de adentrarse nos referentes normativos e legislativos é preciso clarificar que en España non existe unha lei que regule de forma específica e integral as diversas formas de violencia que poden ser exercidas contra a infancia, como o *bullying* e o *ciberbullying*. Non obstante algúns aspectos relacionados con ditos fenómenos son abordados nos diferentes instrumentos normativos (Orjuela, Cabrera de los Santos, Calmaestra, Mora-Merchán e Ortega-Ruiz, 2014).

O primeiro referente ó que se considera oportuno facer referencia é a *Constitución Española de 1978* (BOE, 29/12/1978), que declara como dereitos fundamentais o dereito á integridade física e moral (*art. 15*), o dereito á liberdade e á seguridade (*art. 17*), o dereito ó honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe así como o segredo das comunicacións (*art. 18*) e o dereito á educación (*art. 27*), cuxo obxecto debe ser o desenvolvemento da personalidade humana no respecto dos principios democráticos de convivencia e ós dereitos e liberdades fundamentais.

O *Real Decreto 732/1995, do 5 de maio*, establece os *dereitos e os deberes dos alumnos e as normas de convivencia dos centros* (BOE, 05/05/1995). Dito Decreto expón que a Administración Educativa e os órganos de goberno dos centros velarán polo correcto exercicio dos dereitos e deberes dos alumnos. O Consello Escolar do centro será o encargado de resolver os conflitos que se presenten e de impor as sancións correspondentes. En relación co acoso escolar e ciberacoso, no Real Decreto explícase que o alumando ten dereito a recibir unha educación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade (*art. 11*), a que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas

conviccións relixiosas, morais, ideolóxicas e a súa intimidade (*art. 16*) e ó respecto da súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto de tratos vexatorios ou degradantes (*art. 17*).

Mediante a *Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e cultura da paz* (BOE, 30/11/2005) o goberno español comprométese a promover a paz por medio de diferentes iniciativas (materias curriculares específicas, promover valores, formación de adultos, promover o coñecementos da lexislación dos Dereitos Humanos, etc.).

No ano 2013 apróbase a *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa* (BOE, 9/12/2013). O curso pasado, 2014/2015, implántase de forma parcial e progresiva dita lei polo que na nosa realidade educativa actual conviven dúas leis educativas: A *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación* (BOE, 3/05/2006) e a *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa* (BOE, 9/12/2013). Tendo en conta que a última lei é unha modificación parcial da anterior, que aínda non está implantada na súa totalidade e que non hai diferenzas substantivas entre ambas no referente ó *bullying* e *ciberbullying*, centrase a análise na *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación* (BOE, 3/05/2006).

Como consecuencia disto, o máximo referente legal a nivel educativo é a *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación* (BOE, 3/05/2006). En relación ó *bullying* e *ciberbullying* esta lei establece entre as súas finalidades as seguintes:

- b) “La educación en el respeto de los derechos y libertades fundamentales, en la igualdad de derechos y oportunidades entre hombres y mujeres y en la igualdad de trato y no discriminación de las personas con discapacidad”.
- c) “La educación en el ejercicio de la tolerancia y de la libertad dentro de los principios democráticos de convivencia, así como en la prevención de conflictos y la resolución pacífica de los mismos”.

Ó mesmo tempo e en relación cos fenómenos analizados dita lei recolle entre os seus principios os seguintes:

- c) “La transmisión y puesta en práctica de valores que favorezcan la libertad personal, la responsabilidad, la ciudadanía democrática, la solidaridad, la tolerancia, la igualdad, el respeto y la justicia, así como que ayuden a superar cualquier tipo de discriminación”.
- k) “La educación para la prevención de conflictos y la resolución pacífica de los mismos, así como para la no violencia en todos los ámbitos de la vida personal, familiar y social, y en especial en el del acoso escolar”.

Por outra banda a Lei Orgánica de Educación do 2006 aclara (*art. 121.2*) que o plan de convivencia forma parte do proxecto educativo dos centros e que debe elaborarse en base ós principios de non discriminación e inclusión educativa. Dito plan recollerá as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, a concreción dos dereitos e deberes dos alumnos e as medidas correctoras en caso do seu incumprimento (*art. 124.1*).

Para finalizar co marco legislativo a nivel estatal é preciso mencionar o *Real Decreto 275/2007, do 23 de febreiro, polo que se crea o Observatorio Estatal da Convivencia Escolar* (BOE, 23/02/2007). Dita institución será a encargada de asesorar sobre situacións referidas á aprendizaxe da convivencia escolar, elaborar informes e estudos, facer un diagnóstico en materia de convivencia escolar e propoñer medidas que axuden a elaborar as distintas políticas estatais, fomentando as actuacións que faciliten a mellora do clima escolar e a convivencia nos centros educativos (*art. 1.2*).

3.2. Nivel autonómico: Galicia

O primeiro referente legislativo a nivel galego que é oportuno salientar é o *Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego de Convivencia Escolar* (DOG, 12/04/2007). Por medio deste Decreto créase e régúlase en Galicia o Observatorio Galego de Convivencia Escolar que terá como finalidade analizar e propoñer actuacións de investigación, prevención, e intervención en relación coa mellora do clima escolar, así como ser a canle de participación de todos os sectores con responsabilidades no tema da convivencia (*art. 2*).

Por medio da *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da Comunidade Educativa* (DOG, 30/06/2011) o goberno galego pretende crear e reforzar os instrumentos xurídicos que permitan conseguir e manter un clima de convivencia de calidade. De forma máis concreta a presente lei ten por obxecto regular as normas básicas de convivencia nos centros docentes comprendidos no seu ámbito de aplicación e a participación directa das familias e da comunidade educativa no ensino e no proceso educativo (*art. 1*).

Como medidas de prevención o gabinete galego elaborará un protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar coa dotación orzamentaria necesaria para a súa implantación (*art. 30.1*). Así mesmo, o plan de convivencia de cada centro docente incluírá un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar (*art. 30.2*).

A comezos do presente ano o goberno galego publica un Decreto que desenvolve a lei anteriormente explicada: o *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar* (DOG, 08/01/2015). En consonancia co presente Decreto os fins das normas de convivencia son os seguintes (*art. 3.2*):

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- f) A promoción da resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.

Dito Decreto establece como axentes responsables da convivencia escolar os seguintes: a comunidade educativa (*art. 4*), o consello escolar (*art. 5*), a comisión de convivencia (*art. 6*), o claustro do profesorado (*art. 7*), o equipo directivo (*art. 8*), os órganos de coordinación docente (*art. 9*) e o Consello para a convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia (*art. 10*).

No referente ó plan de convivencia, que se recollerá no proxecto educativo de cada centro (*art. 11.2*), establécese que “O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica” (*art. 11.1*).

Para finalizar este apartado estímase necesario abordar o *Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso* (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, 2013). A pesar de non ser un referente lexislativo, si que é un referente normativo que se considera de vital importancia para as problemáticas estudadas neste traballo.

Dito protocolo ten por obxecto servir de marco de referencia para previr e abordar eficazmente as posibles situacións de acoso escolar en calquera das súas manifestacións. Neste sentido, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, dentro das súas competencias, dita as instrucións de 17 xuño 2013 co propósito trasladar este protocolo xeral e de facilitar a súa aplicación nos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso presenta a seguinte estrutura:

- I. *Introdución.* Abórdanse as orixes e concepto dos fenómenos *bullying* e *ciberbullying* e xustifícase a necesidade de desenvolver o protocolo que se presenta, dado que os estudos máis recentes mostran un aumento e gravidade da violencia nos centros educativos.
- II. *Pautas para a identificación do acoso escolar: criterios, tipos e consecuencias.* Os criterios empregados para identificar o acoso escolar son: a intención de facer dano, a repetición das condutas agresivas e o desequilibrio de poder existente entre a vítima e o agresor/es. Ademais disto neste apartado expóñense as diferentes tipoloxías do *bullying* e as consecuencias deste fenómeno en todos os implicados: agresores, vítimas e observadores.
- III. *Protocolo de actuación.* O obxectivo do presente regulamento é que o profesorado dos diferentes centros educativos saiba como actuar en posibles casos de acoso escolar, posto que é imprescindible que se realice unha intervención de forma inmediata co alumnado implicado e coas súas familias. O protocolo que se presenta é un documento base, é dicir, é preciso que sexa contextualizado e adaptado a cada centro e á súa contorna.
 - *Primeira fase.* Iníciase coa comunicación, por parte de calquera membro da comunidade educativa (alumnado, familia, profesorado, persoal de administración e servizos ou persoas alleas ó centro), dunha posible situación de acoso escolar, que se rexistra de forma escrita. En base a isto, póñense en marcha unha serie de medidas urxentes de protección á presunta vítima. Seguidamente o titular da dirección do centro designa a unha persoa responsable da atención e apoio á suposta vítima e comunica a situación de acoso ás familias dos implicados. Posteriormente a dirección do centro nomea a unha persoa encargada da tramitación do protocolo e, se o considera oportuno, comunica a situación a outros profesionais da educación e/ou axentes externos ó centro.
 - *Segunda fase.* O obxectivo principal desta etapa é recoller os datos necesarios para clarificar se os feitos denunciados constitúen ou non unha situación de acoso escolar. Para lograr dita finalidade lévase a cabo un proceso discreto de recollida de información a través de

diversos procedementos e de distintas fontes (víctima, acosador/es, observadores/es, familias).

- *Terceira fase.* Tendo como referencia a información recadada e antes de tomar calquera medida é preciso contrastala e ordenar claramente as diferentes actuacións. Seguidamente determínase se é unha situación de acoso escolar e trasládase dita información á dirección do centro, o que permitirá a adopción de medidas de carácter educativas dirixidas á protección da vítima, a reeducación e corrección do agresor/es, ó observador/es, ás familias e ó equipo docente. Finalmente comunícase a situación á Inspección Educativa.
 - *Cuarta fase.* Tras ter adoptadas as medidas previstas lévase a cabo un seguimento das mesmas para comprobar o seu cumprimento e pertinencia.
- IV. *Estratexias de prevención: organizativas e de prevención no centro e na aula.* A posta en práctica de medidas de prevención do acoso escolar debe partir dun diagnóstico da situación de convivencia escolar nos centros educativos.
- V. *Ciberacoso: definición, criterios de identificación, tipos, protocolo de actuación e estratexias preventivas.* Xustifícase a importancia de tratar dito fenómeno, ó mesmo tempo que se expón o seu concepto, os criterios que o identifican e as distintas tipoloxías. As estratexias de prevención e o protocolo de intervención empregados nos casos de acoso escolar teñen cabida nas situacións de ciberacoso, aínda que se explicitan algunhas medidas máis específicas para estes casos.
- VI. *Responsabilidade do centro: aspectos xurídicos e particularidades xurídicas do ciberacoso.* Explícanse as responsabilidades dos centros escolares nos casos de acoso escolar e ciberacoso e acláranse as singularidades xurídicas do *ciberbullying*.

Dito documento contén ademais un total de 22 anexos que facilitan as diferentes intervencións que poden ter lugar durante a aplicación deste protocolo. Para comprender de forma clara a estrutura xeral e as diferentes fases do citado protocolo consultar anexo 2.

4. PREVALENCIA E SITUACIÓN ACTUAL DO BULLYING E CIBERBULLYING NAS ETAPAS DA EDUCACIÓN BÁSICA

En base á Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE, 03/05/2006, *artigo 3.3*) a educación básica no noso país esta constituída polos niveis de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, polo que a análise que se presenta terá por obxecto o

estudo da prevalencia e situación actual do *bullying* e *ciberbullying* en ditas etapas, atendendo á realidade estatal e á galega.

Para realizar dito exame centrarase a atención nas investigacións máis recentes sobre a temática abordada, atendendo ó fenómeno que estudan (*bullying* ou *ciberbullying*) e á etapa educativa na que se centran (Educación Primaria ou Educación Secundaria Obrigatoria). Ó mesmo tempo terase en conta o ámbito xeográfico dos mesmos, é dicir, se son a nivel estatal ou autonómico.

4.1. Análise da realidade estatal e galega

A nivel estatal existen tres investigacións recentes e referentes no ámbito do *bullying*, que son os traballos realizados por Serrano e Iborra (2005) dende o Centro Reina Sofía, polo *Defensor del Pueblo* (2007) e por Oñate e Piñuel (2007), o Informe Cisneros X. Todos eles céntranse na etapa da Educación Secundaria Obrigatoria e no fenómeno do *bullying*, agás o Informe Cisneros X que tamén estuda o nivel de Educación Primaria e o Informe do *Defensor del Pueblo*, que recolle ademais a prevalencia do *ciberbullying*.

Tomando como referencia o estudo de Oñate e Piñuel (2007) a porcentaxe de nenos en situación de *bullying* en Primaria diminúe co paso dos cursos, representando dita taxa no 2º curso un 41,40% e no 6º curso un 25%. En relación cos comportamentos violentos máis frecuentes nesta etapa educativa os mesmo autores recoñecen os *alcumes* como os máis habituais (14,70%), seguidos de *non falar* (14,40%), *insultar* (13,60%), *rirse dun cando se equivoca* (11,30%) e *acusar de cousas que non dixen ou fixen* (11,10%). Os menos frecuentes son *agochar as cousas* (5,40%) e *porme en ridículo ante os demais* (5,30%).

Centrando a atención nas modalidades de agresión é oportuno aclarar que a que máis se dá en Primaria é o *bloqueo*, tendo o seu auxe no segundo curso (63,2%) e diminuindo progresivamente ata o sexto curso (33%). No referente ás menos frecuentes é preciso apuntar que existen diferenzas en función do nivel, xa que no 2º e 3º curso a modalidade menos frecuente é a *agresión* mentres que nos cursos 4º, 5º e 6º, as *ameazas*.

Cerezo (2009) expón que a incidencia do *bullying* en Primaria é do 23%, salientando de forma notoria os nenos de 10 anos, 4º e 5º de Primaria (32%). No referente á incidencia por sexos a mesma autora apunta que os máis implicados son os rapaces (32%), mentres que as rapazas principalmente están involucradas como vítimas. Analizando os datos por tipo de participación, é preciso salientar que como agresores participan en torno ó 18% dos rapaces e o 1,2% das rapazas. Atendendo ó índice de vitimización os rapaces representan o 12% mentres que as rapazas, o 9%.

En relación coas formas de agresión máis habituais, a nivel xeral salientan en primeiro lugar os *insultos* e *ameazas*, seguidos da *agresión física*. Os lugares nos que adoitan ter lugar as agresións son o patio do recreo e a aula (Cerezo, 2009).

No referente ó *ciberbullying* na etapa de Educación Primaria é preciso aclarar que, tras ter revisado diferentes estudos (Calmaestra, 2011; Defensor del Pueblo 2000-2007; Dobarro, 2011; García Fernández, 2013; Oñate e Piñuel, 2007; Serrano e Iborra, 2005), non existen investigacións que contén cunha mostra a nivel estatal e que nos permitan analizar dita cuestión, posto que case todas se centran na Educación Secundaria Obrigatoria.

Centrándonos en dita etapa, Oñate e Piñuel (2007) sinalan que a porcentaxe de nenos en situación de acoso escolar diminúe co paso dos cursos, representando un 23% no 1º curso da ESO e un 10% no 4º curso da mesma etapa.

Por outra banda, Serrano e Iborra (2005) afirman que o 75% dos escolares é testemuña de agresións no seu centro escolar, sendo a maioría dos maltratos observados de tipo emocional (84,3%), seguidos do maltrato físico (76,5%), do vandalismo (17,2%), do económico (10%) e finalmente do sexual (1,3%). Ditas situacións de abuso teñen lugar principalmente no patio (71,3%), na clase (60,5%) e na contorna do centro (52,7%). No estudo afírmase ademais que o observador dun acto de maltrato intervén dalgunha forma nel (falando co profesor, coa vítima, co agresor ou intervindo no momento do conflito) e unicamente o 28,5% responde ó perfil de observador pasivo.

Tomando como punto de referencia o caso das vítimas, o 14,5% dos escolares declara ser vítima de agresións no centro escolar, respondendo estas principalmente ó maltrato emocional (82,8%) e ó maltrato físico (50,9%). O perfil da vítima adoita responder a varóns de entre 12 ou 13 anos (56%) con carácter alegre, sociable e con amigos. Segundo Serrano e Iborra (2005) e dende o punto de vista das vítimas as agresións teñen lugar principalmente na aula (54,3%), no patio (53,4%) e na contorna do centro (32,8%). A principal reacción das vítimas no momento da agresión é aguantar (50%) a pesar de que o 81,9% lle conta a agresión a alguén.

A investigación realizada por Serrano e Iborra (2005) reflicte que o 7,6% dos escolares se autorecoñecen como agresores dos seus compañeiros, exercendo fundamentalmente un maltrato emocional (78,7%) e físico (59%). O perfil do agresor responde a mozos (73,8%) españois de entre 12 e 13 anos.

Os resultados do informe do *Defensor del Pueblo* (2007) en relación ós aspectos abordados ata agora son moi similares ó estudo de Serrano e Iborra (2005). A pesar de que non vou afondar nesta cuestión considero oportuno aclarar que aínda que as conclusións

son similares, as cifras e porcentaxes son diferentes debido ás distintas metodoloxías e instrumentos empregados en ambos estudos, o que dificulta a súa comparación.

En base ó informe do *Defensor del Pueblo* (2007), os malos tratos están protagonizados principalmente por compañeiros da mesma clase que o agredido. No referente ás relacións interpersoais e ó clima de convivencia dos centros, máis de tres cuartas partes dos estudantes están satisfeitos coas súas relacións cos iguais. O escenario no que teñen lugar as agresións é principalmente a aula, cando non está presente o profesor. Tomando como punto de vista o do profesorado, o citado estudo afirma que as situacións de maltrato expostas polos alumnos coinciden coas tendencias observadas polos profesores.

Segundo Garaigordobil (2011a) a investigación sobre o *ciberbullying* é relativamente recente e a revisión das investigacións desenvolvidas evidencia a relevancia do fenómeno e o seu rápido crecemento, xa que entre o 4,5% e o 5,5% dos alumnos se declaran vítimas e agresores. Os resultados do informe do *Defensor del Pueblo* en torno a esta cuestión revelan a mesma tendencia (aproximadamente o 5% tanto das vítimas como dos agresores). Tomando en consideración a variable sexo os estudos españois mostran que as mozas teñen maior predisposición a participar como vítimas e os mozos como agresores. En relación á variable da idade e/ou nivel educativo as investigacións indican que a maioría dos ciber-agresores cursan 2º e 3º da ESO e a maioría das vítimas 1º e 2º.

A nivel galego apenas existen análises que nos permitan abordar a prevalencia dos fenómenos estudados nos dous niveis que conforman a educación básica, xa que unicamente aporta algún dato específico de Galicia o Informe Cisneros X (2007) e a investigación realizada por Avilés (2009). Tal e como se expuxo anteriormente, o traballo de Oñate e Piñuel (2007) aborda as etapas de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, mentres que o estudo de Avilés (2009) se centra no *ciberbullying* na Educación Secundaria Obrigatoria.

En base ó estudo de Oñate e Piñuel (2007) a nosa comunidade autónoma conta cunha taxa de acoso escolar do 22,4%, situándose no promedio estatal. Tomando como referencia a investigación de Avilés (2009), cabe dicir que este detectou en Castela e León e Galicia porcentaxes de implicación no *ciberbullying* a través do móbil do 10,7% (4,5% vítima moderada; 0,5% vítima sistemática; 3% agresor moderado; 1,2% agresor sistemático; 1,4% agresores vitimizados moderados e o 0,1% agresores vitimizados sistemáticos). Dito autor localizou ademais que o 73,1% dos escolares, sen estar implicados, coñecía algún caso de *cyberbullying* a través do móbil.

No referente ó ciberacoso a través de internet, Avilés (2009) descubriu un 16,6% de implicación (4,7% vítima moderada; 2,9% vítima sistemática; 4,4% agresor moderado; 1,4% agresor sistemático; 2,5% agresores vitimizados moderados e 0,7% agresores vitimizados sistemáticos), sendo a porcentaxe de testemuñas deste tipo de maltrato do 71,1%.

Facendo referencia á prevalencia do cyberbullying atendendo ó nivel educativo, dito estudo revela que esta é maior no 1º curso da ESO (23,2%) e diminúe progresivamente ata o último curso da ESO (12,3%). No relativo ó sexo, os mozos exercen a intimidación en maior medida que as mozas (6,5% fronte ó 3,9%) e tamén son vitimizados con maior frecuencia (6,1% fronte ó 5%).

4.2. Síntese dos resultados das investigacións desenvolvidas

A modo de síntese dos resultados analizados e expostos no apartado anterior, en primeiro lugar é oportuno aclarar que as investigacións centradas no acoso escolar na etapa de Educación Primaria son escasas tanto a nivel estatal como galego, e o mesmo sucede cos estudos cuxo obxecto de estudo é o *cyberbullying*. Cómpre ter en conta que os exames realizados en torno a ambos fenómenos empregan metodoloxías e instrumentos diferentes, de aí a dificultade de establecer comparacións precisas entre eles e afirmacións rotundas. Ademais disto, é conveniente aclarar que ditos fenómenos seguen as mesmas tendencias tanto a nivel galego como estatal.

Tal e como reflicten os estudos anteriormente citados (Cerezo, 2009; Defensor del Pueblo, 2007; Oñate e Piñuel, 2007; Serrano e Iborra, 2005) a problemática do *bullying* está presente en todos os centros educativos estudados, tanto na etapa de Educación Primaria como na Educación Secundaria Obrigatoria e en todos os niveis analizados, sendo os últimos cursos de Educación Primaria e os primeiros da Educación Secundaria Obrigatoria os que rexistran maior incidencia. Como consecuencia disto o rango de idade máis implicado é entre os 10 anos en Primaria e os 13 anos en Secundaria.

No referente ó sexo dos implicados, a nivel xeral os mozos están máis implicados que as mozas, principalmente como agresores, mentres que as rapazas son habitualmente as vítimas das agresións. As modalidades de agresión máis habituais en ambos niveis son os *insultos* e as *ameazas* (maltrato verbal e mixto), seguidos do *maltrato físico*.

Os escenarios nos que se producen habitualmente as situacións de maltrato son diferentes en función da etapa educativa, posto que en Educación Primaria se sinala o patio do recreo en primeiro lugar seguido da aula; mentres que na Educación Secundaria Obrigatoria a maior parte destas accións teñen lugar na aula.

Facendo referencia ó *ciberbullying*, a taxa de prevalencia a nivel estatal oscila entre o 4,5% e o 5,5%. A nivel xeral os rapaces están máis implicados que as mozas adoptando maioritariamente o rol de agresores, mentres que estas adoitan ser vítimas. Ó igual que o *bullying*, o *ciberbullying* experimenta un progresivo descenso a medida que se adiantan os cursos.

Para rematar este apartado e seguindo a Ruiz et al. (2015) estímase conveniente aclarar que, tendo en conta os resultados das investigacións realizadas en torno ó *bullying* e ó *ciberbullying*, detectar ditos fenómenos non é fácil, pero se toda a comunidade educativa traballa de forma coordinada e está dacordo en afrontalo será máis doado detectalos e facer un bo traballo de intervención. É importante traballar a partir da prevención e en caso de intervir é oportuno facelo o antes posible (Ruiz et al., 2015).

CONCLUSIÓNS

O *bullying* é entendido como a intimidación e maltrato entre escolares realizado de forma repetida e mantida no tempo coa intención de humillar e someter a unha vítima indefensa por medio de agresións físicas, verbais e/ou sociais con resultados de vitimización psicolóxica e rexeitamento grupal. No *ciberbullying*, entendido como unha das modalidades de acoso escolar, empréganse as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) para acosar, ameazar ou intimidar deliberadamente a alguén. Ambos fenómenos caracterízanse pola intención de facer dano por medio das agresións, pola repetición das mesmas e pola existencia de desequilibrio de poder entre o agresor e as vítimas.

Entre as causas que posibilitan ditas problemáticas salientan factores persoais, familiares, contextuais, ambientais, a influencia do centro educativo e dos medios de comunicación. As consecuencias derivadas das mesmas son negativas para todos os implicados (agresores, vítimas e testemuñas ou observadores), aínda que con distintos síntomas e niveis de sufrimento.

A pesar de que a nivel lexislativo non existe unha lei que regule de forma específica e integral o *bullying* e o *ciberbullying*, si que existen, tanto a nivel estatal como autonómico, diferentes leis, decretos e normativas que permiten regularizar en certa medida os fenómenos examinados. Dende a perspectiva da prevención e intervención, no eido galego salienta o *Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso* (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, 2013), que ten por obxecto servir de referencia para previr e abordar de forma eficaz as posibles situacións de acoso escolar en calquera das súas manifestacións.

Tal e como se expuxo no apartado anterior, os estudos sobre a prevalencia do acoso escolar e do ciberacoso na Educación Primaria son escasos, de igual forma que os que tratan a temática do *ciberbullying* en ambos niveis. A pesar disto, as diferentes investigacións analizadas evidencian que o *bullying* e o *ciberbullying* son fenómenos sociais que afectan de forma notoria ós escolares que forman parte da Educación Primaria e da Educación Secundaria Obrigatoria. Esta situación mostra a importancia e repercusión das problemáticas estudadas para a nosa sociedade e a necesidade de atender ás mesmas dende a comunidade educativa en xeral e dos profesionais da educación en particular.

En relación coa carencia de publicacións exposta, considero que é relevante que as futuras liñas de investigación se amplíen a todos os niveis educativos, dada a importancia de ter unha visión completa da prevalencia do acoso escolar e ciberacoso nas diferentes etapas educativas, que permita o desenvolvemento de actuacións eficaces e a elaboración de plans de prevención e intervención que contemplan de forma integral a realidade educativa e social.

Dada a transcendencia que o *bullying* e o *ciberbullying* teñen para a contorna educativa e social, a incapacidade de moitos profesionais de actuar antes estas situacións e o baleiro que existe no noso plan de estudos en relación a estes fenómenos, estimo que é de vital importancia que o currículo daquelas profesións máis vinculadas con estas realidades (Maxisterio, Pedagogía e Másters en Profesorado nas diferentes vertentes) examinen ditas problemáticas e poñan en marcha todos os medios necesarios para que os futuros profesionais adquiran as competencias, habilidades, actitudes e coñecementos necesarios para abordalas.

Ó mesmo tempo, considero que para previr e intervir en casos de acoso escolar e ciberacoso é relevante traballar con todos aqueles axentes implicados tanto de forma directa como indirecta (alumnado, equipo docente, familias e sociedade). Neste sentido, estimo que os profesionais da educación debemos tomar consciencia de que estas problemáticas non se desenvolven por unha causa illada, senón que son moitos factores os que favorecen a súa aparición, e polo tanto é preciso que sexamos capaces de identificalos e valoralos á hora de deseñar e implementar plans de prevención e intervención.

Ademais disto e tendo en conta os diferentes axentes sociais que poden participar nos casos de *bullying* e *ciberbullying*, é importante que todos eles traballen de forma conxunta e coordinada coa finalidade de acadar os obxectivos propostos e de precaver e reducir a existencia de ditas situacións.

Na introdución do presente traballo manifestei a miña intención de afondar nas temáticas da violencia entre escolares e do ciberacoso co obxectivo de comprender en profundidade ambos fenómenos, de coñecer o marco normativo no que se insiren e de indagar acerca da situación actual dos mesmos nas etapas da educación básica. A estas alturas do traballo considero que cumprín as metas propostas.

Non obstante no camiño percorrido durante o desenvolvemento do TFG atopeime cunha serie de obstáculos, derivados na súa maioría da gran cantidade de bibliografía existente en referencia a esta temática, da imposibilidade de traballar con toda ela e de afondar na mesma, dadas as características formais do presente traballo.

A pesar disto e a nivel xeral considero que cumprín os obxectivos propostos e que traballei as competencias especificadas.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Avilés, J. M^a. (2006a). Qué es y qué significa el bullying. En J. M^a. Avilés, *Bullying: el maltrato entre iguales. Agresores, víctimas y testigos en la escuela* (pp. 79-143). Salamanca: Amarú Ediciones.
- Avilés, J. M^a. (2006b). Por qué ocurre el bullying y qué consecuencias tiene. En J. M^a. Avilés, *Bullying: el maltrato entre iguales. Agresores, víctimas y testigos en la escuela* (pp. 147-200). Salamanca: Amarú Ediciones.
- Avilés, J. M^a. (2009). Cyberbullying: diferencias entre el alumnado de secundaria. *Boletín de Psicología*, 96, 79-96. Recuperado de <http://www.uv.es/seoane/boletin/previos/N96-6.pdf>
- Avilés, J. M^a. (2013). Bullying y cyberbullying: apuntes para un Proyecto Antibullying. *Revista Convives*, 3, 1-102. Recuperado de http://convivenciaenlaescuela.es/wp-content/uploads/2013/06/Revista-CONVIVES-N_3-Abril-2013.pdf
- Buceta, M^a. J. (2011). Otros trastornos. Bullying. En M^a. J. Buceta (coord.), *Manual de Atención Temprana* (pp. 227-236). Madrid: Síntesis.
- Calmaestra, J. (2011). *Cyberbullying: prevalencia y características de un nuevo tipo de bullying indirecto*. (Tesis de doctorado) Servicio de publicaciones de la Universidad de Córdoba, Córdoba.
- Carozzo, J., Benites, L., Zapata, L., e Horna, V. (2012). *El bullying no es un juego. Guía para todos*. Lima: Observatorio sobre violencia y convivencia en la escuela.

Recuperado de

<http://ww.alfepsi.org/attachments/article/173/Guia%20de%20Bullying%20Observatorio.pdf>

Cerezo, F. (2009). Bullying: análisis de la situación en las aulas españolas. *International Journal of Psychology and Psychological Therapy*, 9(3), 383-394. Recuperado de <http://www.ijpsy.com/volumen9/num3/244/bullying-anlisis-de-la-situacin-en-las-ES.pdf>

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. (2013). *Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Recuperado de http://www.edu.xunta.es/web/sites/web/files/content_type/learningobject/2013/06/17/a328aad5ade2c46a911c5a59a0bbbabd.pdf

Cowie, H. (2007). El impacto emocional y las consecuencias del ciberacoso. En J. A. Mora-Merchán, R. Ortega e T. Jäger (Eds.) *Actuando contra el bullying y la violencia escolar. El papel del los medios de comunicación, las autoridades locales y de Internet* (pp. 16-24). Landau: Empirische Pedagogik. Recuperado de http://www.juconicomparte.org/recursos/E-Book_Spanish_01_CwZ9.pdf

Defensor del Pueblo (2000). *Violencia escolar: el maltrato entre iguales en la Educación Secundaria Obligatoria*. Madrid: Publicaciones de la Oficina del Defensor del Pueblo. Recuperado de http://213.0.8.18/portal/Educantabria/RECURSOS/Materiales/Biblestinv/Informe_DefensorPueblo_VIOLENCIA_Escolar_ESO.pdf

Defensor del Pueblo-UNICEF (2007). *Violencia escolar: el maltrato entre iguales en la Educación Secundaria Obligatoria 1999-2006*. Madrid: Publicaciones de la Oficina del Defensor del Pueblo. Recuperado de <http://www.oei.es/oeivirt/Informeviolencia.pdf>

Del Rey, R., Flores, J., Garmendia, M., Martínez, G., Ortega, R. e Tejerina, O. (2010). *Protocolo de actuación escolar ante el cyberbullying*. Bilbao: Grupo EMICI. Recuperado de <http://www.protocolo-cyberbullying.com/>

Dobarro, A. (2011). Revisión de los principales estudios sobre la incidencia de la violencia escolar en Asturias. *Magister*, 24, 77-89. Recuperado de <http://digibuo.uniovi.es/dspace/handle/10651/10354>

Garaigordobil, M. (2011a). Prevalencia y consecuencias del cyberbullying: una revisión. *International journal of psychological therapy*, 11(2), 233-254. Recuperado de

<http://www.ijpsy.com/volumen11/num2/295/prevalencia-y-consecuencias-del-cyberbullying-ES.pdf>

Garaigordobil, M. (2011b). Bullying y cyberbullying: conceptualización, prevalencia y evaluación. *FOCAD Formación Continuada a Distancia*, XII Edición, 1-29.

Recuperado de

<http://www.psicologiaysexologia.org/wp-content/uploads/2013/11/Bullying-y-cyberbullyung.pdf>

Garaigordobil, M., e Martínez-Valderrey, V. (2014). *Programa de intervención para prevenir y reducir el cyberbullying*. Madrid: Pirámide.

García Fernández, C. M^a. (2013). *Acoso y ciberacoso en escolares de primaria: factores de personalidad y de contexto entre iguales*. (Tesis de doctorado) Servicio de publicaciones de la Universidad de Córdoba, Córdoba.

Gómez Bahillo, C., Puyal, E., Sanz, A., Elboj, C., e Sanagustin M^a. V. (2006). *Las relaciones de convivencia y conflicto escolar en los centros educativos aragoneses de enseñanza no universitaria. Análisis y propuesta desde una perspectiva socioeducativa*. Aragón: Gobierno de Aragón, Departamento de Educación, Cultura y Deporte. Recuperado de

https://convivencia.files.wordpress.com/2012/05/investigacion_convivencia_aragong_bahillo-2006218p.pdf

Gómez Rivas, F. A. (2011). La normativa sobre convivencia escolar en España. *Revista Amazónica*, 6(1), 149-185. Recuperado de

<http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3915955>

Guinot, J. (2011). Violencia para hoy y para mañana. En E. Roldán (Ed.), *Terror en las aulas. Cómo abordar el acoso escolar o bullying* (pp. 25- 40). Tarragona: Altaria.

Hernández Prados, M^a A., e Solano, I. M^a. (2007). Cyberbullying, un problema de acoso escolar. *RIED*, 10(1), 17-36. Recuperado de

<http://www.biblioteca.org.ar/libros/141650.pdf>

Ibarrola-García, S., e Iriarte, C. (2012). *La convivencia escolar en positivo. Mediación y resolución de conflictos*. Madrid: Pirámide.

Kowalski, R., Limber, S., e Agatston, P. (2010). *Cyber Bullying: El acoso escolar en la era digital*. Bilbao: Desclée de Brower.

- Massa, J.L. e Basile, H. S. (2011). El acoso moral entre pares (bullying). *Construção Psicopedagógica*, 19(19), 8-33. Recuperado de <http://pepsic.bvsalud.org/pdf/cp/v19n19/02.pdf>
- Menéndez, I. (2011). El acoso escolar visto desde la consulta psicológica. En E. Roldán (Ed.), *Terror en las aulas. Cómo abordar el acoso escolar o bullying* (pp. 207-262). Tarragona: Altaria.
- Mora-Merchán, J. A. e Ortega, R. (2007). Las nuevas formas de bullying y violencia escolar. En J. A. Mora-Merchán, R. Ortega e T. Jäger (Eds.) *Actuando contra el bullying y la violencia escolar. El papel del los medios de comunicación, las autoridades locales y de Internet* (pp. 16-24). Landau: Empirische Pedagogik. Recuperado de http://www.juconicomparte.org/recursos/E-Book_Spanish_01_CwZ9.pdf
- Olweus, D. (1998). Qué sabemos de las amenazas y el acoso entre escolares. En Autor, *Conductas de acoso y amenaza entre escolares* (pp. 23-72). Madrid: Morata.
- Oñate, A., e Piñuel, I. (2007). *Informe Cisneros X: Acoso y violencia escolar en España*. Madrid: Instituto de Innovación Educativa y Desarrollo Directivo.
- Orjuela, L., Cabrera de los Santos, B., Calmaestra, J., Mora-Merchán, J. A., e Ortega-Ruiz, R. (2014). *Informe acoso escolar y ciberacoso: propuestas para la acción*. Madrid: Save the children. Recuperado de http://www.savethechildren.es/docs/Ficheros/675/Acoso_escolar_y_ciberacoso_informe_vOK_-_05.14.pdf
- Ortega, R. (2010). Treinta años de investigación y prevención del bullying y la violencia escolar. En R. Ortega (Ed.), *Agresividad injustificada, bullying y violencia escolar* (pp. 15-30). Madrid: Alianza Editorial.
- Quintana, P., Montgomery, U., Malaver, S., e Ruiz, G. (2010). Capacidad de disfrute y percepción del apoyo comunitario en adolescentes espectadores de episodios de violencia entre pares (Bullying). *Revista de investigación en psicología*, 13(1), 139-162. Recuperado de http://sisbib.unmsm.edu.pe/bvrevistas/investigacion_psicologia/v13_n1/pdf/a08.pdf
- Ronald, E. (2010). Orígenes y primeros estudios del bullying escolar. En R. Ortega (Ed.), *Agresividad injustificada, bullying y violencia escolar* (pp. 33-53). Madrid: Alianza Editorial.

- Ruiz, R., Riuró, M., e Tesouro, M. (2015). Estudio del bullying en el ciclo superior de Primaria. *Educación XXI*, 18(1), 345-368. Recuperado de <http://www.redalyc.org/pdf/706/70632585015.pdf>
- Sabater, C., e López-Hernández, F. (2015). Factores de riesgo en el ciberbullying. Frecuencia y exposición de los datos personales en Internet. *International Journal of Sociology of Education*, 4(1), 1-25. Recuperado de <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4991399>
- Serrano, A., e Iborra, I. (2005). *Violencia entre compañeros en la escuela*. Valencia: Centro Reina Sofía para el Estudio de la Violencia. Recuperado de https://convivencia.files.wordpress.com/2012/05/informe_reina_sofia-violencia200594p.pdf
- Smith, P. K. (Septiembre, 2006). *Ciberacoso: Naturaleza y extensión de un nuevo tipo de acoso dentro y fuera de la escuela*. Ponencia presentada en el Congreso de Convivencia y Escuela, Palma de Mallorca. Recuperado de http://www.observatorioperu.com/lecturas/ciberacoso_pSmith.pdf
- Universidade de Santiago de Compostela (s.f.). Memoria para a solicitude de verificación do Grao en Pedagogía. Santiago de Compostela. Recuperado de http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/Memoria_Grao_Pedagogia_ANECA.pdf
- Yubero, S., Larrañaga, E. e Navarro, R. (2013) Integración y redes sociales: sentirse víctima del cyberbullying. En S. Torío, O. García-Pérez, J. V. Peña e C. M^a. Fernández (Coords.), *Crisis social y el estado del bienestar: las respuestas de la Pedagogía Social*. Oviedo: Servicio de publicaciones de la Universidad de Oviedo.

REFERENCIAS LEXILATIVAS CONSULTADAS

- Constitución Española, *Boletín Oficial del Estado*, nº 311 (1978).
- Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego de Convivencia Escolar, *Diario Oficial de Galicia*, nº 88 (2007).
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, *Diario Oficial de Galicia*, nº 17 (2015).
- Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e cultura da paz, *Boletín Oficial del Estado*, nº 287 (2005).

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, *Boletín Oficial del Estado*, nº 106 (2006).

Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da Comunidade Educativa, *Diario Oficial de Galicia*, nº 136 (2011).

Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, *Boletín Oficial del Estado*, nº 295 (2013).

Real Decreto 732/1995, del 5 de mayo, por el que se establecen los derechos y deberes de los alumnos y las normas de convivencia en los centros, *Boletín Oficial del Estado*, nº 131 (1995).

Real Decreto 275/2007, do 23 de febreiro, polo que se crea o Observatorio Estatal da Convivencia Escolar, *Boletín Oficial del Estado*, nº 64 (2007).

ANEXOS

Anexo I. Metodoloxía: documentos seleccionados nas bases de datos consultadas

BASES DE DATOS	DESCRIPTORES	DOCUMENTOS SELECCIONADOS
IACOBUS	<ul style="list-style-type: none">• Palabra chave «bullying»• Filtros: en toda a colección; data de edición despois de 2005• Resultados obtidos: 31	<p>Avilés, J. M^a. (2006). <i>Bullying: el maltrato entre iguales. Agresores, víctimas y testigos en la escuela</i>. Salamanca: Amarú Ediciones.</p> <p>Kowalski, R., Limber, S., e Agatston, P. (2010). <i>Cyber Bullying: El acoso escolar en la era digital</i>. Bilbao: Desclée de Brower.</p> <p>Ortega, R. (2010). <i>Agresividad injustificada, bullying y violencia escolar</i>. Madrid: Alianza Editorial.</p> <p>Roldán (2011). <i>Terror en las aulas. Cómo abordar el acoso escolar o bullying</i>. Tarragona: Altaria.</p>
PRELO	<ul style="list-style-type: none">• Palabra chave «bullying»• Filtros: en toda a colección• Resultados obtidos: 2	<p>Ibarrola-García, S., e Iriarte, C. (2012). <i>La convivencia escolar en positivo. Mediación y resolución de conflictos</i>. Madrid: Pirámide.</p> <p>Garaigordobil, M., e Martínez-Valderrey, V. (2014). <i>Programa de intervención para prevenir y reducir el cyberbullying</i>. Madrid: Pirámide</p>
GOOGLE BOOKS	<ul style="list-style-type: none">• Palabra chave «bullying»• Resultados obtidos: 394	<p>Olweus, D. (1998). <i>Conductas de acoso y amenaza entre escolares</i>. Madrid: Morata.</p>
IACOBUS	<ul style="list-style-type: none">• Palabra chave «ciberbullying»• Filtros: en toda a colección• Resultados obtidos: 4	-

<p>PRELO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Palabra chave «ciberbullying» • Filtros: en toda a colección • Resultados obtidos: 1 	<p>Garaigordobil, M., e Martínez-Valderrey, V. (2014). <i>Programa de intervención para prevenir y reducir el ciberbullying</i>. Madrid: Pirámide.</p>
<p>GOOGLE BOOKS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Palabra chave «ciberbullying» • Resultados obtidos: 526 	<p>Del Rey, R., Flores, J., Garmendia, M., Martínez, G., Ortega, R. e Tejerina, O. (2010). <i>Protocolo de actuación escolar ante el ciberbullying</i>. Bilbao: Grupo EMICI.</p> <p>Garaigordobil, M., e Martínez-Valderrey, V. (2014). <i>Programa de intervención para prevenir y reducir el ciberbullying</i>. Madrid: Pirámide.</p>
<p>IACOBUS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Palabra chave «acoso escolar» • Filtros: en toda a colección; data de edición despois de 2005 • Resultados obtidos: 43 	<p>Oñate, A., e Piñuel, I. (2007). <i>Informe Cisneros X: Acoso y violencia escolar en España</i>. Madrid: Instituto de Innovación Educativa y Desarrollo Directivo.</p> <p>4 referencias máis, especificadas anteriormente</p>
<p>GOOGLE BOOKS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Palabra chave «acoso escolar» • Resultados obtidos: 1200 	<p>Orjuela, L., Cabrera de los Santos, B., Calmaestra, J., Mora-Merchán, J. A., e Ortega-Ruiz, R. (2014). <i>Informe acoso escolar y ciberacoso: propuestas para la acción</i>. Madrid: Save the children.</p> <p>3 referencias máis, especificadas anteriormente</p>
<p>IACOBUS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Palabra chave «ciberacoso» • Filtros: en toda a colección • Resultados obtidos: 3 	<p>-</p>

<p>GOOGLE BOOKS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Palabra chave «ciberacoso» • Resultados obtidos: 563 	<p>2 referencias especificadas anteriormente</p>
<p>TESEO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Palabra chave «bullying» • Filtros: en título/resumo • Resultados obtidos: 24 	<p>Calmaestra, J. (2011). <i>Cyberbullying: prevalencia y características de un nuevo tipo de bullying indirecto</i>. (Tesis de doctorado) Servicio de publicaciones de la Universidad de Córdoba, Córdoba.</p>
<p>TESEO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Palabra chave «ciberbullying» • Filtros: en título/resumo • Resultados obtidos: 4 	<p>-</p>
<p>TESEO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Palabra chave «acoso escolar» • Filtros: en título/resumo • Resultados obtidos: 41 	<p>García Fernández, C. M^a. (2013). <i>Acoso y ciberacoso en escolares de primaria: factores de personalidad y de contexto entre iguales</i>. (Tesis de doctorado) Servicio de publicaciones de la Universidad de Córdoba, Córdoba.</p>
<p>TESEO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Palabra chave «ciberacoso» • Filtros: en título/resumo • Resultados obtidos: 41 	<p>1 referencia especificada anteriormente</p>

DIALNET

- Palabra chave «bullying»
- Filtros: Textos completos; psicoloxía e educación; 2010-2019; español;
- Resultados obtidos: 59

Ruiz, R., Riuró, M., e Tesouro, M. (2015). Estudio del bullying en el ciclo superior de Primaria. *Educación XXI*, 18(1), 345-368.

DIALNET

- Palabra chave «ciberbullying»
- Resultados obtidos: 40

Avilés, J. M^a. (2009). Ciberbullying: diferencias entre el alumnado de secundaria. *Boletín de Psicología*, 96, 79-96.

Sabater, C., e López-Hernández, F. (2015). Factores de riesgo en el ciberbullying. Frecuencia y exposición de los datos personales en Internet. *International Journal of Sociology of Education*, 4(1), 1-25.

Yubero, S., Larrañaga, E. e Navarro, R. (2013) Integración y redes sociales: sentirse víctima del cyberbullying. En S. Torío, O. García-Pérez, J. V. Peña e C. M^a. Fernández (Coords.), *Crisis social y el estado del bienestar: las respuestas de la Pedagogía Social*. Oviedo: Servicio de publicaciones de la Universidad de Oviedo.

DIALNET

- Palabra chave «acoso escolar»
- Filtros: Textos completos; psicoloxía e educación; galego
- Resultados obtidos: 4

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. (2013). *Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.


<p>DIALNET</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Palabra chave «ciberacoso» • Filtros: Textos completos; psicología e educación; español • Resultados obtidos: 13 	<p>1 referencia especificada anteriormente</p>
<p>GOOGLE ACADÉMICO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Palabra chave: «bullying» • Filtros: en todo o artigo; 2009-2015; resultados en español. • Resultados obtidos: 6980 	<p>Cerezo, F. (2009). Bullying: análisis de la situación en las aulas españolas. <i>International Journal of Psychology and Psychological Therapy</i>, 9(3), 383-394.</p> <p>Garaigordobil, M. (2011). Bullying y cyberbullying: conceptualización, prevalencia y evaluación. <i>FOCAD Formación Continuada a Distancia</i>, XII Edición, 1-29.</p> <p>Quintana, P., Montgomery, U., Malaver, S., e Ruiz, G. (2010). Capacidad de disfrute y percepción del apoyo comunitario en adolescentes espectadores de episodios de violencia entre pares (Bullying). <i>Revista de investigación en psicología</i>, 13(1), 139-162.</p> <p>3 referencias más especificadas anteriormente</p>
<p>GOOGLE ACADÉMICO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Palabra chave: «cyberbullying» • Filtros: en todo o artigo; 2009-2015; resultados en español. • Resultados obtidos: 949 	<p>3 referencias especificadas anteriormente</p>
<p>GOOGLE ACADÉMICO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Palabra chave: «acoso escolar» • Filtros: en todo o artigo; 2009-2015; resultados en español. • Resultados obtidos: 12600 	<p>Garaigordobil, M. (2011). Prevalencia y consecuencias del cyberbullying: una revisión. <i>International journal of psychological therapy</i>, 11(2), 233-254</p> <p>1 referencia más especificada anteriormente</p>

<p>GOOGLE ACADÉMICO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Palabra chave: «ciberacoso» • Filtros: en todo o artigo; 2009-2015; resultados en español. • Resultados obtidos: 12600 	<p>Avilés, J. M^a. (2013). Bullying y cyberbullying: apuntes para un Proyecto Antibullying. <i>Revista Convives</i>, 3, 1-102.</p> <p>Cowie, H. (2007). El impacto emocional y las consecuencias del ciberacoso. En J. A. Mora-Merchán, R. Ortega e T. Jäger (Eds.) <i>Actuando contra el bullying y la violencia escolar. El papel del los medios de comunicación, las autoridades locales y de Internet</i> (pp. 16-24). Landau: Empirische Pedagogik.</p> <p>Massa, J.L. e Basile, H. S. (2011). El acoso moral entre pares (bullying). <i>Construção Psicopedagógica</i>, 19(19), 8-33</p> <p>3 referencias máis especificadas anteriormente</p>
<p>REDINED</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Palabra chave «bullying» • Filtros: 2010-2015 • Resultados obtidos: 127 	<p>Dobarro, A. (2011). Revisión de los principales estudios sobre la incidencia de la violencia escolar en Asturias. <i>Magister</i>, 24, 77-89.</p> <p>1 referencia máis especificada anteriormente</p>
<p>REDINED</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Palabra chave «cyberbullying» • Resultados obtidos: 26 	<p>Hernández Prados, M^a A., e Solano, I. M^a. (2007). Cyberbullying, un problema de acoso escolar. <i>RIED</i>, 10(1), 17-36.</p>
<p>REDINED</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Palabra chave «acoso escolar» • Filtros: 2010-2015 • Resultados obtidos: 187 	<p>2 referencias especificadas anteriormente</p>
<p>REDINED</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Palabra chave «ciberacoso» • Filtros: 2010-2015 • Resultados obtidos: 31 	<p>1 referencia especificada anteriormente</p>

RECOLECTA	<ul style="list-style-type: none"> • Palavra chave «bullying» • Filtros: últimos 5 anos; español • Resultados obtidos: 123 	2 referencias especificadas anteriormente
RECOLECTA	<ul style="list-style-type: none"> • Palavra chave «ciberbullying» • Filtros: últimos 5 anos; español • Resultados obtidos: 16 	2 referencias especificadas anteriormente
RECOLECTA	<ul style="list-style-type: none"> • Palavra chave «acoso escolar» • Filtros: últimos 5 anos; español • Resultados obtidos: 75 	2 referencias especificadas anteriormente
RECOLECTA	<ul style="list-style-type: none"> • Palavra chave «ciberacoso» • Filtros: últimos 5 anos; español • Resultados obtidos: 18 	1 referencia especificada anteriormente
<p>Tras ter seleccionados os citados documentos recompiláronse diferentes referencias bibliográficas dos mesmos. Conforme se avanzou no desenvolvemento do traballo realizáronse búsquedas máis específicas nas bases de datos expostas (IACOBUS, Google Books, TESEO, Dialnet, Google Académico, Redined, CSIC e Recoleta).</p>		

Fonte: Elaboración propia

Anexo II. Esquema do protocolo xeral contra o acoso escolar



Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (2013, p.44)